

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i 2025-2026

Santiago de Compostela, [data da súa sinatura dixital]

### REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVIGO), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117 do 20 de xuño de 2022), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os seus Estatutos (DOG núm. 38 do 22 de febreiro).

Interveñen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo mutua e reciprocamente lexitimación e capacidade para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,



## EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en adiante, a Consellería) é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do sistema universitario, tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, e se especifica no Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería, de acordo coas competencias que lle atribúe o Decreto 138/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica da Consellería. Entre as súas competencias correspóndelle a promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional e que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configuran como unha das principais axentes xeradoras de coñecemento en Galicia.



En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e, por iso, é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

CUARTO.- A Universidade de Vigo (UVIGO) é unha institución pública, dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propios, que asume as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía con ese fin, no marco da Constitución e das leis.

A UVIGO realiza actividades de docencia, de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e de transferencia do coñecemento, o que a configura, xunto coas demais universidades do SUG, como unha das principais axentes xeradoras de coñecemento en Galicia.

QUINTO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Compre, polo tanto, contar cun conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.



SEXTO.- O Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea, e Europa innovadora. Sobres estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Así mesmo, contribúe aos obxectivos estratéxicos 1 e 5, integrándose, polo tanto, nos programas Integra e Posiciona da RIS3 de Galicia e, respectivamente, nos programas Coñecemento e Posicionamento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

SÉTIMO.- Con cargo aos orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciáanse accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrencia competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.



Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

OITAVO.- O 17 de outubro do ano 2023 asinouuse un *convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Universidade de Vigo (UVIGO) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2023-2024*, que tivo unha addenda asinada o 15 de outubro de 2024.

NOVENO.- Para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica; para elo, a Universidade de Vigo presenta en maio de 2025, a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, un programa de necesidades da súa actividade investigadora, co fin de desenvolver accións de mellora en diferentes aspectos. A partir da situación actual, a Consellería considera necesario impulsar accións de ordenación, estruturación e potenciación da investigación.

Para os anos 2025 e 2026 é necesario continuar con aquelas actuacións que están a ter un gran impacto non só dentro do ámbito universitario senón na sociedade como é o progreso desta Universidade.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- **Obxecto**



O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a UVIGO para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica.

O orzamento será de 5.600.207,47 €, distribuídos nas anualidades 2025 e 2026, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS	2025	2026	TOTAL	
<b>1. CAPTACIÓN DE TALENTO</b>				
Incentivos á instalación do talento captado	200.000,00	200.000,00	400.000,00	
Captación de talento para novas necesidades estratéxicas	100.000,00	100.000,00	200.000,00	
<b>SUBTOTAL</b>	<b>300.000,00</b>	<b>300.000,00</b>	<b>600.000,00</b>	
<b>2. CENTROS</b>				
<b>Xornadas portas abertas/divulgación</b>				
Xornadas portas abertas dos centros CIGUS e colaborativos	55.000,00	55.000,00	110.000,00	
Accións de difusión da ciencia: Feiras/campañas de prensa	45.000,00	45.000,00	90.000,00	
<b>Accións Formativas</b>				
Formación persoal	5.000,00	5.000,00	10.000,00	
<b>Centros CIGUS</b>				
CIM	30.000,00	30.000,00	60.000,00	
CINBIO	30.000,00	30.000,00	60.000,00	
AtlanTTic	64.000,00	30.000,00	94.000,00	
<b>Centros colaborativos</b>				
CINTECX	50.000,00	50.000,00	100.000,00	
ECOBAS	50.000,00	50.000,00	100.000,00	
<b>Apoio accións específicas de alto impacto</b>				
Adquisición,	CIM	90.000,00	346.310,00	436.310,00



actualización e mellora novas infraestruturas	CINBIO	50.000,00	50.000,00	100.000,00
	AtlantTic	50.000,00	50.000,00	100.000,00
Cofinanciación infraestruturas convocatoria Ministerio	EQC2024-008684-P	100.336,76		100.336,76
	EQC2024-008576-P	338.209,52		338.209,52
	EQC2024-008569-P		372.245,07	372.245,07
	EQC2024-008283-P		629.231,12	629.231,12
Adquisición cámara do microscopio 2010F	inclúe Housing, Instalación e PC	219.000,00		219.000,00
Cofinanciamento programa predoc CIM-Ocean Frontiers Institute (Canadá)		30.000,00	120.000,00	150.000,00
Alfabetización oceánica		45.000,00	45.000,00	90.000,00
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>1.251.546,28</b>	<b>1.907.786,19</b>	<b>3.159.332,47</b>
<b>3. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN</b>				
<b>Apoio campus especialización</b>				
Especialización Creatividade		15.000,00	15.000,00	30.000,00
Especialización Tecnoloxía		15.000,00	15.000,00	30.000,00
<b>Apoio á creación doutras estruturas</b>				
Instituto de Agroecoloxía e Alimentación		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Instituto Lingua		10.000,00	10.000,00	20.000,00
Instituto de Xustiza e Xénero		10.000,00	10.000,00	20.000,00
Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Instituto do Deporte		10.000,00	10.000,00	20.000,00
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>100.000,00</b>	<b>100.000,00</b>	<b>200.000,00</b>



<b>4. OBRAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN</b>				
Arranxo sala lóbraga CACTI Ourense		40.000,00		40.000,00
Equipamento científico Módulo 2	CINBIO	200.000,00		200.000,00
Estrutura para OGS (Vigo Quantum Communication Center)	atlanTTic	40.000,00		40.000,00
Acceso mesocosmos na estación ECIMAT	CIM	40.000,00		40.000,00
Laboratorios cuántico (Vigo Quantum Communication Center)	atlanTTic	40.000,00		40.000,00
Impermeabilización de laboratorio investigación Húmido 2 (M3) en ECIMAT	CIM	5.000,00		5.000,00
Melloras salas frescas ECIMAT	CIM	28.000,00		28.000,00
Instalación liña de vida	CINBIO	9.000,00		9.000,00
	CIM	5.000,00		5.000,00
Sala ISO 5 Paleontoloxía Gianluca Marino	CIM	20.000,00		20.000,00
Cambio climatización	CINTECX	40.000,00		40.000,00
Substitución alumeado fluorescencia por alumeado led	CINTECX	34.000,00		34.000,00
Reforma sistema extracción vitrinas	CINTECX	35.000,00		35.000,00
Contedores para almacenamento		25.000,00		
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>561.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>561.000,00</b>



5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+I				
Apoio a organización de congresos internacionais		35.000,00	35.000,00	70.000,00
Lingua galega		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Políticas de ciencia aberta		22.000,00	22.000,00	44.000,00
Apoio a implantación do selo HR na UVigo		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Patentes		30.000,00	30.000,00	60.000,00
Organización Xornadas CRUE		30.000,00		30.000,00
Avaliación do acoso por razón de sexo		30.000,00		30.000,00
Proxecto de Exposición sobre Isaac Díaz Pardo na sala de exposicións do edificio redeiras do Berbés		6.100,00		6.100,00
Apoio á mobilidade do persoal investigador		40.000,00		
Configuración do sistema TIC da ZAP		9.000,00		
Proxecto escavación Adro Vello		53.200,00	50.000,00	103.200,00
UVIGO MotorSport		16.000,00	16.000,00	32.000,00
Internacional		101.000,00	101.000,00	202.000,00
Documental "Otero Pedrayo"		45.000,00		45.000,00
Proxecto PEESO		25.575,00	15.000,00	40.575,00
Organización ABAU Galega		80.000,00		80.000,00
Auria Technologies Campus Ourense			17.000,00	
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>562.875,00</b>	<b>326.000,00</b>	<b>888.875,00</b>



6. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO NA CALIDADE DA DOCENCIA				
Estratexia de apoio aos Mástres de excelencia	M. Tradución para a comunicación internacional	25.000,00	25.000,00	50.000,00
	M. Biotecnoloxía avanzada	12.500,00	12.500,00	25.000,00
	M. Matemática industrial	8.000,00	8.000,00	16.000,00
Innovación docente	Experiencia piloto centros docentes innovadores	20.000,00	20.000,00	40.000,00
	Servizo de virtualización de laboratorios	30.000,00	30.000,00	60.000,00
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>95.500,00</b>	<b>95.500,00</b>	<b>191.000,00</b>
<b>TOTAL</b>		<b>2.870.921,28</b>	<b>2.729.286,19</b>	<b>5.600.207,47</b>

## SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración en I+D+i (6) coa Universidade de Vigo para o período 2025-2026, tal e como se detallan a continuación:

### 1. CAPTACIÓN DE TALENTO

Esta achega distribuirase:

1. CAPTACIÓN DE TALENTO			
ACTUACIÓNS		2025	2026
Incentivos á instalación do talento captado		200.000,00	200.000,00
Captación de talento para novas necesidades estratéxicas		100.000,00	100.000,00
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>300.000,00</b>	<b>300.000,00</b>



Nestes últimos anos a UVIGO vén desenvolvendo unha política activa para atraer talento investigador á universidade. A Universidade de Vigo é nova, pouco coñecida nalgúns campos, e en fase de consolidación do seu prestixio a escala internacional. Por elo, parte desta política de contratación require que a UVIGO sexa máis atractiva e competitiva en comparación con outros centros de alto nivel que compiten por estes investigadores.

Deste xeito, o obxectivo desta acción é ofrecer incentivos en canto a apoio na instalación de investigadores, cesión e adaptación de espazos, na provisión de laboratorios e na contratación de persoal de apoio, xerando masa crítica e impulsando os novos grupos de investigación.

No ano 2025 e 2026, mantense a mesma dotación que en anos anteriores. Faranse inversións para captación de talento en dous liñas principais: a) apoio e incentivos a instalación de novos investigadores e; b) captación de talento.

As actuacións a levar a caso son:

#### INCENTIVOS A INSTALACIÓN DO TALENTO CAPTADO

---

Nos últimos anos (2019-2023), a Universidade de Vigo aumentou significativamente a captación de investigadores en convocatorias competitivas como Ramón y Cajal, Consolidación (16), Beatriz Galindo (6), ATRAE (1) y contratos Juan de la Cierva (44) e ERCs (3).

Unha das claves para a captación destas figuras é ofrecer un paquete de benvida para a súa instalación. Negóciase unha cantidade que o investigador contratado investirá no que máis necesite: acondicionamento de laboratorios, compra de equipamento inventariable, adquisición de consumibles, para iniciar a súa liña de investigación.

#### CAPTACIÓN DE TALENTO PARA NOVAS NECESIDADES ESTRATÉXICAS

---

Inclúese neste apartado accións relacionadas con apoio a investigadores de recoñecido prestixio pertencentes a Universidade de Vigo.

Ademais, incluírase o financiamento de iniciativas para a captación de talento e para a posta en valor da Universidade de Vigo como destino de investigadores de excelencia.

Os gastos nesta actuación incluírán aluguer de espazos, consumibles de laboratorios, pequeno equipamento, viaxes e dietas para invitación de investigadores excelentes, entre outros.



## 2. CENTROS

Esta achega distribuirase:

2. CENTROS			
Actuacións	observacións	2025	2026
<b>Xornadas portas abertas/divulgación</b>			
Xornadas portas abertas dos centros CIGUS e colaborativos		55.000,00	55.000,00
Accións de difusión da ciencia: Feiras/campañas de prensa		45.000,00	45.000,00
<b>Accións Formativas</b>			
Formación persoal		5.000,00	5.000,00
<b>Centros CIGUS</b>			
CIM		30.000,00	30.000,00
CINBIO		30.000,00	30.000,00
AtlanTTic		64.000,00	30.000,00
<b>Centros colaborativos</b>			
CINTECX		50.000,00	50.000,00
ECOBAS		50.000,00	50.000,00
<b>Apoio accións específicas de alto impacto</b>			
Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	CIM	90.000,00	346.310,00
	CINBIO	50.000,00	50.000,00
	AtlanTTic	50.000,00	50.000,00
Cofinanciación infraestruturas convocatoria Ministerio	EQC2024- 008684-P	100.336,76	
	EQC2024- 008576-P	338.209,52	
	EQC2024- 008569-P		372.245,07
	EQC2024- 008283-P		629.231,12
Adquisición cámara do microscopio 2010F		219.000,00	
Cofinanciamento programa predoc CIM-Ocean Frontiers Institute (Canadá)		30.000,00	120.000,00
Alfabetización oceánica		45.000,00	45.000,00
	<b>SUBTOTAL</b>	<b>1.251.546,28</b>	<b>1.907.786,19</b>

### XORNADAS DE PORTAS ABERTAS E/OU OUTRAS ACCIÓN DE DIVULGACIÓN

*Xornadas de Portas Abertas dos Centros Singulares de Investigación da UVIGO.*

Os centros CIGUS (CIM, CINBIO e AtlanTTic) e os centros colaborativos (CINTECX e ECOBAS) recoñecidos pola Xunta desenvolven actividades de I+D+i de elevada complexidade técnica e relevante utilidade social. Como se ven facendo nos últimos



anos, estes centros por medio de xornadas de portas abertas difunden o coñecemento á sociedade, permitindo poñer en valor o investimento público en I+D+i.

Estas Xornadas van dirixidas a: 1) estudantes de Formación Profesional e carreiras dos ámbitos de coñecemento dos centros, 2) escolares e visitas guiadas a colexios, 3) público xeral.

Nas edicións pasadas, organizáronse diferentes actividades nas que participaron mais de 200 persoas por centro. Cada ano a asistencia é maior e o interese da sociedade foise incrementando, sendo ditas xornadas unha celebración xa integrada na vida social de Vigo, Ourense e Pontevedra.

#### *Accións de difusión da ciencia: Feiras/campañas de prensa*

No marco do convenio de I+D+i da Xunta de Galicia, a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais prevé desenvolver as seguintes accións para difundir a ciencia e promocionar as vocacións científicas:

- Patrocinio da Universidade de Vigo no Foro de investigación en educación Faro Educa. Faro Educa é un importante foro de investigación en educación que responde as demandas dos e das profesionais da educación da comarca de Vigo, da provincia de Pontevedra e de todo Galicia. Trátase dun espazo de nivel onde poder coñecer novas investigacións e compartir coñecementos e dinámicas con profesionais do eido da educación.

A Universidade de Vigo e a súa investigación visibilizaranse nunha importante campaña de comunicación en varios soportes e medios composta dunha parte informativa e dunha parte publicitaria, coa inclusión do seu logotipo en toda a sinalización.

- Kit de captación. No 2024, e financiado no marco deste mesmo convenio, a UVigo elaborou un kit de captación integrado por vídeos, presentacións, infografías e outros materiais gráficos (carteis, roll-ups, folletos, merchandising...) con formatos dinámicos e innovadores que presenten a súa proposta educativa dun xeito atractivo e diferenciador. No 2025, darase difusión a todo este material de difusión, amosando da nosa oferta formativa de grao e de posgrao dun xeito diferenciador nun escenario cada vez máis competitivo e selectivo.
- Promoción dos centros de investigación, seguindo o iniciado no 2024. Desenvolvemento dunha campaña de publicidade exterior nas principais cidades de Galicia, en particular nas áreas de influencia dos tres campus (Ourense, Pontevedra e Vigo) para promocionar os centros de investigación da UVigo na sociedade, incluíndo os novos centros colaborativos.



- “Mujeres fuera de serie”. Continuar co patrocinio e participación da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación na quinta edición do encontro “Mujeres fuera de serie”. Este evento reúne mulleres galegas que destacan en distintos ámbitos, desde a ciencia ao deporte, pasando pola economía e que amosarán a súa traxectoria, os seus logros e a súa loita pola igualdade de mulleres en primeira persoa.

## ACCIONES FORMATIVAS

---

A formación permanente do persoal dos distintos servizos de apoio á investigación da universidade é unha necesidade para mellorar a captación de fondos da Universidade, así como a súa correcta xustificación. Estas formacións tratan de preparar ao persoal nas novidades que van xurdindo nos diferentes programas de financiamento a I+D a nivel nacional e internacional.

## CENTROS CIGUS

---

### ***Centro de Investigación Mariña (CIM)***

O CIM rematou en 2023 a construción dunha embarcación híbrida enchufable de 20 m de eslora, financiada a través da convocatoria de infraestruturas do Ministerio de Ciencia, na convocatoria de 2021, e actualmente rematando os últimos requisitos impostos pola inspección. Para facer o seguimento e a correcta execución destas melloras a realizar na embarcación, contratarase a un asesor externo.

O CIM vai elaborar o seu plan estratéxico e o plan de igualdade e sostibilidade 2025-2027 para o que será necesaria a contratación de asesoramento externo. Ademais o CIM vai contratar apoio de expertos para a execución do novo Plan de Comunicación do Centro, así como o mantemento das súas redes sociais e páxina web.

### ***Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO)***

Inclúese o financiamento de consumibles e pequeno equipamento para laboratorios, actividades relacionadas coa promoción do centro, axudas de desprazamento e manutención e actos protocolarios, así como a contratación de servizos de consultaría.

### ***Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic)***

atlanTTIC utilizara este orzamento para diferentes accións co obxectivo de impulsar e mellorar o funcionamento do centro. Entre esta accións, similares as de anos anteriores: Adquisición/renovación licencias software: Overleaf, IA, Servidor usuarios HPC e instalación, Maquina para cristal liquido y equipos para dotar la sala de



servidores. Ademais este ano, o centro ten como obxectivo participar en solicitudes de proxectos internacionais para o que necesita contratar un servizo consultaría especializada en programas europeos, que apoie a preparación das candidaturas.

## CENTROS COLABORATIVOS

---

A financiación destes centros mantense respecto ao ano anterior (50.000 euros), que non supera a dos centros CIGUS.

### ***Centro de Investigación de Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (CINTECX)***

O Centro de Investigación de Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (CINTECX) constitúe un referente en innovación, investigación aplicada e transferencia de coñecemento nas súas áreas de especialización. Co obxectivo de consolidar a súa posición a nivel nacional e internacional, e potenciar o impacto das súas actividades, propónse o desenvolvemento dun conxunto de accións no marco do convenio I+D+i 2025-2026. Estas actividades están orientadas a fortalecer a calidade da investigación, fomentar a colaboración interdisciplinar e co sector produtivo, e mellorar a visibilidade e funcionalidade do centro.

Actividades propostas:

- Organización reunións do Comité Científico Asesor Externo para a avaliación e seguimento continuo dos indicadores do centro e do rendemento dos seus investigadores.
- Contratación de servizos externos:
  - apoio á revisión, análise e mellora do sistema de xestión da calidade CINTECX segundo os requisitos da Norma ISO 9001.
  - seguimento da implantación do sistema de xestión da calidade por parte da entidade certificadora (AENOR).
  - apoio á redacción de propostas de proxectos mediante sesións proactivas para xerar proxectos internacionais con mesas de traballo para a proposta e selección de ideas e convocatorias.
  - elaboración de diverso material audiovisual e impreso relacionado con actividades de difusión e promoción do centro, entre outros, vídeos, carteis, roll ups, folletos, etc. para feiras, eventos, etc., diverso material de merchandising para estes eventos.
  - mantemento e actualización dos contidos da páxina web, así como a creación de novos espazos, complementos e contidos. Creación de contidos e dinamización en redes sociais. Creación de material audiovisual por parte dunha empresa especializada.
  - desenvolvemento de ferramentas interactivas para as xornadas de portas abertas no centro.



- Plan de Formación:
  - organización de cursos de formación singulares para a investigación de excelencia en liñas prioritarias, dirixidos a todo o persoal investigador
  - formación específica no manexo de equipamentos de autoservizo e mantelos actualizados sobre novas tecnoloxías e medios de proba.
  - impulso de programas de mentorización interna para investigadores novos.
- Proxectos internos: A estratexia para o fomento da creación da cultura no centro, contempla a realización dunha convocatoria interna, na modalidade de concorrencia competitiva, denominada CINTECX Challenge (Acción A1.2 do Plan Estratégico), para o desenvolvemento de proxectos colaborativos de I+D entre os membros do centro.
- Organización de xornadas científico-técnicas con relatores de relevancia internacional, participación de empresas e administración sobre temas acordados coas áreas do CINTECX, todo elo co fin de reforzar a relevancia internacional do centro.
- Organización de eventos de portas abertas enfocado á divulgación científica para o público xeral, con actividades interactivas.
- Material funxible de investigación, para o bo funcionamento das instalacións e equipamentos (material de laboratorio, reactivos, material de impresión, electricidade e electrónica, etc.).
- Pago cotas anuais de adhesión a asociacións nacionais relacionadas coas liñas de investigación do centro (Asociación Nacional do Hidróxeno, Asociación Española de Tecnoloxías de Fabricación Aditiva, INTERVAL).
- Actuacións en salas e laboratorios de uso común. Durante o período 2025-2026 será necesaria a renovación e/ou nova compra de mobiliario nos distintos laboratorios e salas, etc., por deterioro asociado ao uso normal ou novas necesidades.
- Mantemento de equipos e pequeno material inventariable. Calibración e mantemento periódico dalgúns dos equipamentos da oferta de servizos, así como a adquisición de repostos e pequenos equipos inventariables para o laboratorio e taller mecánico. Por outra banda, é necesario adquirir equipamento complementario ao existente neste momento no centro.



- Gastos de viaxe e manutención para asistir ás reunións de consorcios e buscar socios; asistencia a foros, eventos, reunións de asociacións ás que pertenza; centros de investigación e tecnolóxicos, etc.

### ***Economics and Business Administration for Society (ECOBAS)***

Entre as accións propostas para desenvolver neste centro están:

- Actividades de I+D
  - Convocatorias intramurais de ECOBAS de apoio a persoal investigador, como organización de congresos, workshops, etc.
  - Outras accións de apoio a persoal investigador de ECOBAS non incluídas nas convocatorias intramurais ECOBAS, como tradución de artigos científicos ou apoio a convocatorias de proxectos tipo ERC, Horizon ou outros
- Actividades de Formación e Transferencia de Coñecemento
  - Seminarios ECOBAS
  - Outras accións formativas organizadas por ECOBAS
  - Accións para a promoción de ECOBAS como centro de investigación, e dos estudos de mestrado e doutoramento que están adscritos a ECOBAS
  - Premios excelencia investigación ECOBAS
  - Bolsas de inicio á investigación ECOBAS
  - Gastos protocolarios ECOBAS
- Gastos de comunicación
  - Desenvolvemento web ECOBAS: buscador, seccións e perfís
  - Automatización idioma Redes Sociais
- Gastos de mantemento
  - Dominio web; servizo de soporte técnico e mantemento da páxina web corporativa ECOBAS, así como do Programa Interuniversitario de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial e do mestrado Interuniversitario en Economía
  - Licencias de software para operativa ECOBAS: Microsoft 365, Adobe Creative Cloud, Zoom, Mailchimp.

Ao abeiro da Instrución 5/2025 da Secretaría Xeral de Universidades relativa aos convenios que se subscriban coas universidades galegas con financiamento de centros interuniversitarios no ámbito da I+D+i, a Universidade de Vigo foi designada como a entidade, para os efectos desta subvención a ECOBAS (Centro Interuniversitario), que exercerá a representación única, tanto na coordinación como



na interlocución ante a Secretaría Xeral de Universidades, e será a que reciba e xustifique a subvención.

Non obstante, ás universidades públicas do SUG agrupadas ou asociadas terán, en todo caso, a condición de entidade beneficiaria, nos termos establecidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## APOIO ACCIÓNS ESPECÍFICAS DE ALTO IMPACTO

### **Adquisición actualización e mellora novas infraestruturas**

#### Centro de Investigación Mariña (CIM)

O Centro de Investigación Mariña solicitou a adquisición de equipamento para completar tres infraestruturas que ten desenvolvidas nos últimos anos:

- B/O CIM-UVIGO, onde é necesario para completar a dotación a implementación dunha sonda multihaz. Este equipo permite obter información da batimetría do fondo. Con este equipamento o B/O acadaría a dotación completa dun barco oceanográfico a altura dos barcos oceanográficos nacionais.
- A batea de observación instalada na ría de Aldán. Neste caso solicítanse dous equipamentos:
  - un equipamento EC150-3C que é un ADCP combinado e unha ecosonda científica cun ángulo de feixe estreito. Está totalmente integrado co software EK80 e está sincronizado con outros ecosondas. Este é un equipamento único capaz de proporcionar datos de alta calidade para rexistros de fondos mariños e columnas de auga. A fusión destes dous equipos permite medicións cuantitativas das propiedades do fondo mariño, así como de apoio ao seguimento e investigación biolóxicos, físicos e ambientais.
  - ROV, este equipo ten unha función de supervisión na parte baixo a batea, controlando o posicionamento e a estabilidade dos equipos. É moi útil para traballos de inspección.
- Sala de bioseguridade, coa finalización das obras da ECIMAT.

Empresa	equipamiento	2025	2026
KONSBERG	Sonda Multihaz EM 2042-07 SRX-60-SV		250.000
	Incluye: Sistema inercial y Seapath-130		



	Sound Velocity Profiler AML-3 LGR Modificación casco		
KONSBURG	EK80 ADCP- EC150		96.310
CUSTOM ROV	ROV supervisión batea experimental	50.000	
CONTRATA	Finalización obras sala bioseguridad ECIMAT	40.000	

### Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina

Mellorar a infraestrutura do CINBIO non só impulsa a calidade da investigación, senón que tamén promove a colaboración inter e multidisciplinaria, atrae talento e potencia o desenvolvemento de solucións biomédicas e nanomateriais avanzadas. En consonancia coas liñas e obxectivos do centro, están a emerxer e desenvolvéndose novas liñas de investigación ou complementarias ás existentes. Para facilitar a actividade investigadora do persoal consolidado e emerxente, así como o desenvolvemento da parte experimental, é preciso dotar os seus laboratorios de equipamento científico. A adquisición deste equipamento é fundamental para o desenvolvemento e consolidación da investigación do persoal do CINBIO, xa que supón a incorporación de equipamento científico que permitirá a realización dun achegamento e unha maior cohesión entre diferentes grupos de investigación do CINBIO con sinerxías e obxectivos comúns.

### Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic)

Con este financiamento preténdese mellorar a dotación dos laboratorios do centro.

### ***Cofinanciamento infraestruturas***

Solicítase o cofinanciamento das infraestruturas obtidas na "CONVOCATORIA DE ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO DEL AÑO 2024, DEL SUBPROGRAMA ESTATAL DE INFRAESTRUCTURAS Y EQUIPAMIENTO CIENTÍFICO TÉCNICO, EN EL MARCO DEL PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA Y TÉCNICA Y DE INNOVACIÓN 2021-2023".

Dita convocatoria tivo o obxectivo de dotar de equipamento científico-técnico aos servizos comúns de investigación das entidades, dotándoas de equipamentos de última xeración, favorecendo así a súa xestión especializada e eficiente, así como a ampliación do uso e acceso xeneralizado a estes servizos comúns por parte dos grupos de investigación.

As axudas poderán financiar total ou parcialmente o orzamento solicitado nas propostas presentadas.

Na convocatoria estableceuse que, en caso de actuacións localizadas en Galicia, o



financiamento FEDER para cada actuación seleccionada, "cofinanciamento comunitario", representou un máximo do 60%, mentres que a parte complementaria aplicable, "cofinanciamento nacional", representou polo menos o 40% .

Na Universidade de Vigo abriuse un proceso de selección das infraestruturas a presentar en dita convocatoria, coa limitación dunha solicitude por centro de investigación e, no caso do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico a Investigación (CACTI), todas aquelas infraestruturas que precisan dun cambio porque quedaron obsoletas. Presentáronse un total de 14 solicitudes, 3 por parte dos centros CIGUS (CINBIO E CIM) e colaborativos (CINTECX) e 11 por parte do CACTI.

Finalmente, acadáronse 4 infraestruturas de investigación, tres para o CACTI, unha delas co financiamento parcial, e unha para o CINBIO:

Referencia	Equipamento concedido
EQC2024-008684-P	Renovación do ICP-MS (espectrometría de masas con plasma acoplado inductivamente)
EQC2024-008576-P	Difractómetro de raios x de monocristal con sistema dual de microfones y detector de alta sensibilidade
EQC2024-008569-P	Consola, Sonda e cambiador automático para equipo de RMN de 600 MHz
EQC2024-008283-P	Sistema automatizado para fabricación e multiscreening de nanomateriais

A solicitude EQC2024-008569-P realizouse para actualizar compoñentes (consola con tres canles, criosonda e cambiador de mostras) do equipo de RMN CACTI 600 MHz.

Este equipamento está sendo utilizado, de forma habitual, polos diferentes grupos de investigación dos departamentos de Química Orgánica, Química Inorgánica, Química Física, Química Analítica, Enxeñaría Química, os centros CINBIO, CINTEX da Universidade de Vigo. O equipo da servizo tamén a institucións externas como o centro CIQUS da Universidade de Santiago (Profesores J.L. Mascareñas, J. Granja, etc.), as universidades portuguesas de Tras os Montes e Alto Douro (Vila Real), Minho (Braga), Porto (Porto), Beira Interior (Covilhas), e o Instituto de Investigación Mariñas-CSIC (grupo de Reciclaxe e Valorización de Residuos).

#### ***Adquisición cámara do microscopio 2010F***

Recentemente produciuse un fallo neste compoñente asociado ao microscopio Jeol JEM2010F dos Servizos Centrais de Investigación no CACTI. O equipo ten máis de 20 anos, e a casa comercial informou que este compoñente non se pode reparar. Debido a isto, o equipo actualmente non pode realizar imaxes de alta resolución e difracción, información clave para a investigación da estrutura cristalina dos materiais. Os outros equipos dispoñibles no Servizo de Microscopía Electrónica, de



natureza máis estándar, non poden substituír a información proporcionada polo JEOL JEM2010F.

Ademais, a combinación do microscopio Jeol JEM2010F e o sistema FEI NanoLab Helios 600 Dual Beam, dispoñible no Servizo de Microscopía Electrónica CACTI, constitúe unha infraestrutura única na comunidade de Galicia. A imposibilidade de adquirir unha nova cámara poría en risco esta complementariedade, afectando negativamente aos usuarios que precisan de ambas tecnoloxías (FIB-HRTEM) para a súa investigación.

O equipamento (Jeol JEM2010F) onde estaría instalada a cámara, presta servizo regularmente a grupos de referencia competitivos pertencentes a centros CIGUS como CINBIO, CINTECX da Universidade de Vigo (grupos de investigación dos doutores Luís Liz, Isabel Pastoriza Santos, Miguel Ángel Correa-Duarte, Lakshminarayana Polavarapu e Verónica Salgueiriño) e ocasionalmente a grupos de investigación portugueses e da Universidade de Santiago de Compostela (Centro CIQUS). Nos últimos meses, varios grupos de investigación do norte de Portugal mostraron interese no uso conxunto deste equipamento.

O servizo de Microscopía Electrónica pretende volver a solicitar un Microscopio Electrónico na próxima convocatoria do Ministerio para a adquisición de Infraestruturas. A nova cámara é compatible cun futuro microscopio de 200 kV e tamén co microscopio Jeol JEM1400Flash (o de 120 kV) dispoñible no servizo.

#### ***Cofinanciamento programa predoc CIM-Ocean Frontiers Institute (Canadá)***

Nova actuación incluída no convenio. O Centro de Investigación Mariña estableceu contacto co Ocean Frontiers Institute de Canadá (<https://www.ofi.ca>) coa intención de establecer unha colaboración internacional.

O primeiro paso desta colaboración é o intercambio de estudantes de doutoramento entre a Universidade de Vigo e a Dalhousie University, financiando o desenvolvemento completo da tese de doutoramento de, cando menos, catro doutorandos. O proxecto prevé que os doutorandos pasen dous anos en cada unha das universidades, con teses codirixidas por investigadores galegos e canadenses. Estes doutorandos procederán dos programas de doutoramento vixentes na Universidade de Vigo, principalmente do programa \*Marine Science, Technology and Management\* (DOMAR, [<https://domar.campusdomar.gal>])(<https://domar.campusdomar.gal>)). Proponse que os doutorandos obteñan a dobre titulación, cun doutoramento por ambas universidades.

O obxectivo é ampliar esta colaboración a outros aspectos do ámbito investigador de ambos os centros.



### **Alfabetización oceánica na Década dos Océanos**

A alfabetización oceánica refírese a promover a conciencia sobre a importancia que os océanos teñen en nós e no planeta, e como nós influímos nos océanos. Esta alfabetización baséase na educación e a concienciación, polo que compartir información e fomentar unha conexión emocional cos océanos é fundamental para promover cambios positivos na súa conservación e protección.

Dende a Universidade de Vigo estanse a organizar algunhas accións para fomentar a alfabetización oceánica:

- organización de charlas e obradoiros, así como deseño e subministración de materiais divulgativos e educativos.
- promoción e coordinación de proxectos de ciencia cidadá, así como colaboración cos doutras institucións de investigación.
- mantemento e creación de novos canais de difusión de información como redes sociais, webs, blogs e outros medios de comunicación para compartir información relevante sobre os océanos e o seu aproveitamento sostible e resiliente.
- promoción de iniciativas cidadás relacionadas cos océanos e campañas de sensibilización e promoción da cultura ligada ós nosos mares.
- asistencia e organización de eventos relacionados cos océanos, como a One Ocean Science Congress (Niza, 2025) ou os eventos asociados ao noso recentemente aprobado ingreso na plataforma da Comisión Europea para o fomento da cultura oceánica EU4Ocean.

## **3. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN**

### **APOIO A CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN**

Accións	2025	2026
Especialización Creatividade	15.000	15.000
Especialización Tecnoloxía	15.000	15.000
<b>TOTAL</b>	<b>30.000</b>	<b>30.000</b>

Este apoio centrarase fundamentalmente en dotar aos campus de especialización de medios para manter a súa actividade, co obxectivo último de que acaden os méritos e o peso específico para xerar unha estrutura de investigación competitiva que lles permitan acadar fondos en convocatorias competitivas de xeito independente. As



actuacións previstas para cada centro e campus de especialización son as seguintes:

### Especialización CREATIVIDADE

- Divulgación.
  - Para dar a coñecer o campus estratéxico e promocionar as distintas accións que se planifican ao seu amparo é preciso contar con estruturas fixas que o fagan posible, como a súa web (<https://campuscrea.uvigo.gal/>) que debe manterse actualizada.
  - Nesa mesma liña, cómpre contar con elementos de *merchandising* que permitan dar a coñecer o campus de especialización e consolidar a súa imaxe en distintos ámbitos, tanto do eido científico (por exemplo, na entrega de eventos como a semana CREA ou congresos e encontros de investigadores) como no de transferencia ou divulgación (caso de entregables para visitas institucionais de sinaturas de novos convenios).
  - A creación de soportes comunicativos para o Campus CREA é a base para que a comunidade universitaria e a contorna da cidade de Pontevedra tomen conciencia do que implica o campus de especialización. É preciso investir na creación de identidade visual corporativa que permita recoñecer o campus CREA, poñendo en valor a súa diferenciación e promocionándoo no propio campus de Pontevedra.
- Investigación
  - A revista International Multidisciplinary Journal CREA é un elemento clave na publicación de artigos académicos do eido da creatividade e en formato inter e transdisciplinar (<https://campuscrea.uvigo.gal/investigacion/imjc/>). A financiación do seu mantemento web e servizos editoriais é fundamental para acadar a súa consolidación nos vindeiros anos e conseguir que sexa indexada en bases de datos internacionais.
- Promoción e captación de alumnos.
  - Olimpíadas CREA. A posta en marcha das Olimpíadas CREA dirixidas aos alumnos de Bacharelato pretende dar a coñecer o campus de especialización nos institutos da contorna e promover accións específicas que atraian novo estudiantado para as titulacións do campus de Pontevedra vinculadas coa Creatividade. Esta acción, pioneira a nivel nacional, será unha actividade moi atractiva dende o punto de vista da promoción pero tamén da captación.



## Especialización TECNOLOXÍA

- Apoio a asociacións estudiantís

Nos últimos anos, o Campus Vigo Tecnolóxico ten asinado e mantido acordos de patrocinio con varias asociacións estudiantís integradas por alumnado das escolas de enxeñaría. Estes acordos permiten, do lado das asociacións, sufragar parte do custo da súa actividade, que vai desde a organización dunha feira de emprego ao desenvolvemento dun barco solar e a súa participación en competicións internacionais ou unha misión biolóxica espacial.

Isto permite potenciar o coñecemento do campus de especialización entre a comunidade universitaria e gánase en notoriedade grazas á exhibición do patrocinio. Mantemento dos patrocinios existentes e posibilidade de establecer outros novos.

- Equipamento informático para o Campus

O Campus Vigo Tecnolóxico dispón de instalacións no edificio Filomena Dato do campus As Lagoas-Marcosende. É desde aquí onde se leva a cabo a coordinación de aqueles proxectos apoiados e promovidos desde o CE.

A adquisición destes equipos permitirá a mellora das capacidades tecnolóxicas da oficina do campus de especialización para a coordinación de proxectos.

- Desenvolvemento e mantemento da web de UVIGO TECNOLÓXICO

O Campus de Especialización (CE) dispón [dunha web](#) para a comunicación con todos os seus públicos e persoas interesadas que está en constante actualización, acorde á actividade do campus. Dita web da maior notoriedade e impacto do CE en Internet. Mellor comunicación co tecido social do campus, tecido económico-industrial e todos os públicos interesados.

## APOIO Á CREACIÓN DOUTRAS ESTRUTURAS

Accións	2025	2026
Instituto de Agroecoloxía e Alimentación	20.000	20.000
Instituto LINGUA	10.000	10.000
Instituto de Xustiza e Xénero	10.000	10.000
Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais	20.000	20.000
Instituto do Deporte	10.000	10.000
<b>TOTAL</b>	<b>70.000</b>	<b>70.000</b>



### ***Instituto de Agroecoloxía e Alimentación***

- Consultaría e asesoramento en proxectos europeos. Manter a participación e éxito en propostas de proxectos Horizonte Europa/SUDOE, etc.
- Material Funxible. Apoio a grupos que non son de Referencia Competitiva ou de Potencial Crecemento para manter a súa actividade mentres non consigan acceder a esta categoría.
- Comunicación. Mantemento páxina web e material de difusión (trípticos, merchandising, etc.).
- Carteira de servizos. Mantemento e desenvolvemento da plataforma de xestión de servizos de investigación e transferencia.

### ***Instituto LINGUA***

- Seguindo coa actualización do ano anterior, manteremos o financiamento para a inserción de novos contidos textuais e audiovisuais na web do iLingua.
- Accións de difusión do centro e investimento cara á adquisición dun servidor informático propio.
- Mantemento da rede local, software e aplicacións dos equipos informáticos
- Servidores locais e na nube de proxectos integrados no Instituto Lingua ao longo do 2025.

### ***Instituto de Xustiza e Xénero***

- Accións relacionadas co potenciar a visibilidade do IXEX e os estudos relacionados coa igualdade e non discriminación.
  - Organización de Congresos/Seminarios/Xornadas. Os principais obxectivos destas actividades perseguen servir de ágora para aproximacións innovadoras sobre Xustiza e Xénero dende diversas perspectivas (dereito, política, historia, psicoloxía, socioloxía, economía, etc.), onde se divulgue, debata criticamente e fornecer desenrolo e melloras relacionadas.
  - Organización e publicación de monografías en editoriais de prestixio. Trátase de aproveitar a estrutura académica e investigadora para



promocionar os estudos de Xénero e as importantes cuestións relativas a dereitos fundamentais como a non discriminación.

- Publicacións en acceso aberto: en revistas e monografías de impacto científico. Trátase de promover o diálogo para que as propostas e os proxectos se vexan enriquecidos cos diversos puntos de vista.
  - Gastos relativos á participación en Congresos relevantes con temáticas do IXEX.
  - Actos de conmemoración de datas relacionadas coa igualdade e non discriminación. (Exemplos: 8 de marzo e 23 de novembro). Trátase de crear espazos de reflexión sobre propostas e retos en materia de Dereitos Humanos.
- Mantemento da web, material informático para poder levar a cabo as actividades e material funxible. O mantemento da páxina web oficial onde se aloxa a información principal do IXEX, e servir de plataforma para aproximacións innovadoras sobre Xustiza e Xénero dende diversas perspectivas (dereito, política, historia, psicoloxía, socioloxía, economía, etc). O material é o imprescindible para poder levar a cabo as actividades realizadas no IXEX.

### ***Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais***

O Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE) desenvolve a súa actividade principalmente no campus de Ourense fomentando a actividade científico-tecnolóxica e as sinerxías dentro do seu ámbito de actuación, que inclúe aspectos de ciencia e tecnoloxía aeroespacial, de enxeñaría informática e computación e de varias ramas da física. O orzamento asignado empregárase en continuar fortalecendo os recursos e a actividade institucional do instituto, así como a actividades concretas para potenciar as actividades dos seus investigadores. Deste xeito, para o ano 2025 a previsión de gasto do orzamento asignado neste convenio será como segue:

- Gastos de consultoría, para apoio á solicitude de proxectos e posicionamento do instituto.
- Servizos informáticos, para mantemento da web, redes sociais, software, etc.
- Material inventariable, coa adquisición e actualización de equipos informáticos e/ou para posta en marcha de novas liñas de investigación.



- Organización e participación en xornadas ou outras actividades de carácter científico-tecnolóxico e gastos relacionados.
- Axudas ao desprazamento e dietas. Pago de viaxes entre campus e outros desprazamentos e dietas relacionados coa actividade do instituto.

### **Creación do Instituto do Deporte**

Apoio a accións para a creación do novo instituto de investigación de Deporte no campus de Pontevedra.

## **4. OBRAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN**

Accións	Centro	2025
Arranxo sala lóbrega CACTI Ourense		40.000,00
Equipamento científico Módulo 2	CINBIO	200.000,00
Estrutura para OGS (Vigo Quantum Comm. Center)	atlanTTic	40.000,00
Acceso mesocosmos na estación ECIMAT	CIM	40.000,00
Laboratorios cuántico (Vigo Quantum Comm. Center)	atlanTTic	40.000,00
Impermeabilización laboratorio investigación húmido 2	CIM	5.000,00
Melloras salas frescas	CIM	28.000,00
Instalación liña de vida	CINBIO	9.000,00
	CIM	5.000,00
Sala ISO 5 Paleontoloxía	CIM	20.000,00
Cambio climatización	CINTECX	40.000,00
Substitución alumeado fluorescencia por alumeado LED	CINTECX	34.000,00
Reforma sistema extracción vitrinas	CINTECX	35.000,00
Contedores para almacenamento		25.000,00
<b>SUBTOTAL</b>		<b>561.000,00</b>

### **Arranxo sala lóbrega CACTI Ourense**

Habilitarase un espazo sombrío no edificio CACTI do Campus de Ourense. Trátase dun espazo de 25,15 m<sup>2</sup> distribuídos en 2 antesalas e unha sala limpa. Os traballos consistirán en revestimento de paredes, falso teito, instalación de dúas portas,



canalización do conduto de gas argón e extracción de gas, e ampliación da instalación eléctrica.

### ***Equipamento científico Módulo 2 (Centro CIGUS: CINBIO)***

A Universidade de Vigo non conta co mobiliario necesario para a implantación de laboratorios no módulo 2 do edificio CINBIO. Ao estar a piques de rematar as obras de acondicionamento deste espazo, para facelo plenamente funcional e desenvolver a actividade investigadora prevista nel, é necesario dotalo dun mobiliario adecuado á súa función. Inclúe o mobiliario específico para uso de laboratorio, que reúne determinadas características de seguridade, resistencia e durabilidade, así como as vitrinas de fume que garanten a seguridade dos usuarios en procesos que requiren exposición a axentes químicos contaminantes e/ou canceríxenos.

### ***Estrutura para la Optical Ground Station (Vigo Quantum Communication Center) (Centro CIGUS:atlanTTIC)***

Obras de acondicionamento para a instalación da Optical Ground Station, obtida mediante concurso publico o ano 2024

(<https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/ee8ad891-c64c-44a0-9579-18229126c76a/DOC20240403095219PPT++CORREGIDO+OGS+CASTELLANO.pdf?MOD=AJPERES>). Esta OGS é unha estación terrestre óptica para comunicacións satélite-terra.

### ***Acceso mesocosmos en la estación ECIMAT (Centro CIGUS: CIM)***

O mesocosmos en terra da ECIMAT permite a experimentación en grandes volumes de auga de mar, en condicións próximas ás do medio natural. Dita instalación é unha construción independente do edificio principal da ECIMAT e ten un acceso sen acondicionar. Nos días de chuvia o acceso é complicado xa que hai que atravesar unha zona de terra e barro. Por elo, vaise a realizar unha intervención nos accesos da instalación, que facilite o acceso dos investigadores e o transporte do material necesario para a experimentación.

### ***Laboratorios cuántico (Vigo Quantum Comm. Center) (Centro CIGUS:atlanTTic)***

Obras de mellora no edificio alta-UVIGO para acondicionamento dos laboratorios do Vigo Quantum Communication Center).

### ***Impermeabilización laboratorio investigación húmido 2 módulo 3 (Centro CIGUS: CIM)***



Laboratorio húmido utilizado en actividades de investigación mariña. Destinado para experimentos e traballos de investigación que precisen auga de mar corrente. O laboratorio está equipado para o traballo con organismos mariños (espazo adaptable para todo tipo de caixas e andeis), acondicionado térmicamente e dispón de canaletas de desaugue e mesados. Actualmente presenta problemas de humidade e vanse a realizar obras impermeabilización do solo para evitar filtración a plantas inferiores.

#### ***Melloras salas frescas da ECIMAT (Centro CIGUS: CIM)***

Esta acción corresponde a melloras nas salas isoterma da ECIMAT, unha delas acondicionada térmicamente (5 a 30°C) e empregada para a mantenza de stocks de organismos modelo; a outra sala tamén está acondicionada térmicamente (5 – 35 ± 0,5°C) e ao fotoperíodo (16h luz / 8h escuridade) con baldas para o desenvolvemento de experimentos en condicións controladas.

#### ***Instalación liña de vida (Centros CIGUS: CINBIO, CIM)***

Dentro das obras que se van a realizar en edificios pertencentes a CINBIO (Olimpia Valencia ) e a CIM (ECIMAT), instalaranse liñas de vida que son sistemas anticaídas homologados e certificados deseñados para evitar que as persoas caian cando se traballa en altura. Son sistemas de ancoraxe flexibles que utilizan elementos resistentes que cumpren a normativa.

#### ***Sala ISO 5 Paleontoloxía (Centro CIGUS: CIM)***

Nesta actuación abordaranse accións complementarias para finalizar o acondicionamento da nova sala branca no edificio Olimpia Valencia, coa compra de mobiliario e pequenas obras de adaptación.

#### ***Cambio climatización (Centro colaborativo: CINTECX)***

Mellora da climatización no edificio MIT do CINTECX.

#### ***Substitución alumeado fluorescencia por alumeado LED (Centro colaborativo: CINTECX)***

Dentro das políticas de sustentabilidade levadas a cabo pola Universidade de Vigo nos últimos anos, esta actuación pasará a cambiar a iluminación do edificio do centro CINTECX por iluminación LED.

#### ***Reforma sistema extracción vitrinas (Centro colaborativo: CINTECX)***



Mantemento e renovación, no seu caso, dos sistemas de ventilación que captan e eliminan vapores, fumes e gases perigosos, nos diferentes laboratorios de investigación do centro.

#### **Contedores de almacenamento**

Adquisición de dous contedores de 40 pes recuperados e pintados, con instalación eléctrica interior, alumado e extractor para almacenamento de material e equipamento de investigación. Estará situado nas proximidades do edificio CITECXVI, no campus das Lagoas-Marcosende para dar servizo a diferentes Centros de investigación. Para elo, será necesaria unha pequena obra de canalización de acometida eléctrica desde M6 Olimpia Valencia, liña eléctrica de alimentación, cimentación de bases de apoio e pequena solera en acceso a ambos contedores.

### 5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO E INTERESE NA I+D+i

Accións	2025	2026
Apoio a organización de congresos	35.000	35.000
Lingua galega	20.000	20.000
Políticas de ciencia aberta	22.000	22.000
Apoio a implantación do selo HR na UVigo	20.000	20.000
Patentes	30.000	30.000
Organización xornadas CRUE	30.000	
Avaliación do acoso por razón de sexo	30.000	
Proxecto de Exposición sobre Isaac Díaz Pardo na sala de exposicións do edificio redeiras do Berbés	6.100	
Apoio á mobilidade do persoal investigador	40.000	
Configuración do sistema TIC da ZAP	9.000	
Proxecto escavación Adro Vello	53.200	50.000
UVIGO MotorSport	16.000	16.000
Internacionalización	101.000	101.000
Documental "Otero Pedrayo"	45.000	
Proxecto PEESO	25.575	15.000
Organización MEGGAU Galicia	80.000	
Auria Technologies (Campus Ourense)		17.000
<b>SUBTOTAL</b>	<b>562.875</b>	<b>326.000</b>

#### **Apoio a organización de congresos**

A organización de grandes congresos é a oportunidade de dar difusión, crear debate e intercambio de experiencias entre investigadores de todo o mundo e a comunidade universitaria. Continuando co o apoio iniciado nos convenios desde o



ano 2022, no presente convenio financiaranse parcialmente unha serie de congresos nacionais de alto impacto e congresos internacionais.

No ano 2025:

- **The Thinking Institute** (<https://cinbio.es/thethinkinginstitute>), este ano celebrárase a 3ª edición deste evento que xa financiouse con convenio do ano 2022 e 2023 (1ª e 2ª edición). O Thinking Institute ten como obxectivo reunir a científicos de todo o mundo para discutir sobre ciencia cunha mente aberta, para que poidan xurdir novas direccións de investigación nun ambiente multidisciplinar. Organizada polo profesor Luis Liz-Marzán e apoiada polo CINBIO.
- **G-night**, este evento europeo achegará a ciencia a rúas, museos, institucións educativas e bares. A Noite europea das persoas investigadoras celebrárase en Galicia da man dunha decena de universidades, centros e institutos de investigación, coordinados pola Universidade de Vigo, coa creatividade e a súa relación co coñecemento científico como eixo do evento.
- **6th International Conference on Environmental Geotechnology, Recycled Waste Materials and Sustainable Engineering** (<https://egrwse2025.webs.uvigo.es>). Geotecnoloxía Ambiental, Materiais de Residuos Reciclados e Enxeñaría Sostible (EGRWSE) é un prestixioso ciclo de conferencias que se celebra desde 2018 en institucións de investigación líderes en todo o mundo. As edicións anteriores inclúen NIT Jalandhar, India (2018, 2023); UIC, Chicago, EUA (2019); Universidade Dokuz Eylul, Turquía (2022); e Universidade de Ciencias da Vida de Varsovia, Polonia (2024).

Estas conferencias mostraron a investigación pioneira en xeotecnia ambiental, enxeñaría sostible e uso de materiais reciclados en infraestruturas. Tamén destacan as tecnoloxías modernas para o desenvolvemento sostible na construción, as enerxías renovables e a enxeñaría ambiental. Recoñecendo o papel crítico da sustentabilidade na enxeñaría, a Iniciativa de Enxeñaría da UNESCO (UEI) colabora cos socios para integrar a sustentabilidade nos currículos de enxeñaría. O próximo EGRWSE-2025 será a sexta edición, abordando os desafíos globais actuais relacionados co cambio climático e centrándose nas prácticas de enxeñaría sostible aliñadas cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. A conferencia tamén explorará a investigación sobre materiais reciclados na construción, apoiando a economía circular.

- **XVI Reunión de la Sociedad Española de Cultivo in Vitro de Tejidos Vegetales (SECIVTV)**
- **XVIII Symposium Internacional sobre el Practicum y las prácticas externas. ¿Un nuevo significado del Practicum, quo vadis?** (<https://poio.reppe.org/bienvenida>). O tema desta edición pregúntase se estamos ante un novo significado das prácticas externas ¿Cal é a súa deriva? e ¿onde nos leva? O equilibrio que



buscamos entre as funcións das institucións de ensino superior e os contextos de práctica volve a plantexar este binomio. As universidades deberían formarse exclusivamente para as demandas do emprego?

- **I Congreso Internacional de Educación Transformadora: Ciencia Comunicación y Sociedad** (<https://coneducatransforma2025.wordpress.com>)

No ano 2026, entre outros:

- **The Thinking Institute** (<https://cinbio.es/thethinkinginstitute>), este ano celebrarse a 3ª edición deste evento que xa financiose con convenio do ano 2022 e 2023 (1ª e 2ª edición). O Thinking Institute ten como obxectivo reunir a científicos de todo o mundo para discutir sobre ciencia cunha mente aberta, para que poidan xurdir novas direccións de investigación nun ambiente multidisciplinar. Organizada polo profesor Luis Liz-Marzán e apoiada polo CINBIO.
- **G-night**, este evento europeo achegará a ciencia a rúas, museos, institucións educativas e bares. A Noite europea das persoas investigadoras celebrarase en Galicia da man dunha decena de universidades, centros e institutos de investigación, coordinados pola Universidade de Vigo, coa creatividade e a súa relación co coñecemento científico como eixo do evento.
- **Congreso Nacional de Acuicultura 2026**, Este congreso naceu en Galicia no ano 1985 como iniciativa do persoal do CIAM. Na actualidade está organizado pola Sociedade Española de Acuicultura con carácter bianual, e a última edición celébrase no 2024 nas Palmas de Gran Canaria. Galicia xa acolleu as edicións nos anos 1987, 1990, 1993 e 2007.
- **Congreso internacional de la Société internationale d'histoire des droits de l'Antiquité, 2026**

### *Utilización da lingua Galega*

A lingua galega e a lingua propia da UVIGO e de uso normal nas súas actividades, tal e como establecen os seus Estatutos. A Universidade de Vigo mantén o compromiso de normalización, recuperación e dinamización da lingua galega a través da súa Área de Normalización Lingüística, que é a encargada de darlle soporte técnico ao proceso de extensión do uso da lingua galega en todos os ámbitos, incluído o investigador.

No marco deste convenio vanse a financiar a edición de bibliografía en galego e outras accións de apoio ao galego no Servizo de Publicacións da Universidade.

### *Políticas de Ciencia Aberta*



A UVIGO, aliñada con o selo europeo HRS4R dende o 2017, inclúe entre as súas accións principais promover a Ciencia Aberta en todos os seus ámbitos. Así, está a levar a cabo accións informativas e formativas a os distintos grupos universitarios.

A UVIGO é socia da European Open Science Cloud Association (EOSC). Esta iniciativa ofrece aos investigadores un ambiente virtual con servizos abertos e perfectos para almacenamento, xestión, análise e reutilización de datos de investigación, transfronteirizos e disciplinas científicas, federando infraestruturas de datos existentes.

Ademais, dende o ano pasado a UVIGO conta co portal científico, no que de forma aberta e transparente pódese consultar a produción científica da nosa Universidade. Neste senso, este orzamento dedicárase a financiar a cota de Socios no EOSC, mais o mantemento anual do portal científico.

#### ***Apoio a implantación do selo HR na UVigo***

No ano 2023, a UVIGO superou cun favorable a segunda avaliación de Selo HR. Nesta ocasión, ademais de presentar o informe de autoavaliación, recibimos a comisión avaliadora na nosa universidade.

Deste xeito, o orzamento solicitado neste convenio empregárase na implementación do plan de acción elaborado para o período 2023-2026 na tradución de diferentes que pódese encontrar en:

<https://www.uvigo.gal/es/i-d-i/etica-calidad/hrs4r-excelencia-investigacion>

#### ***Apoio a desenvolvemento e tramitación de patentes e spin-offs***

A Universidade teña un apoio decidido a transferencia dos resultados de investigación dende a súa oficina de I+D. Neste senso, promóvese a realización de patentes a través da promoción e a financiación dos gastos dos trámites necesarios para patentar ditos resultados.

#### ***Organización Xornadas I+D+i CRUE***

As Xornadas Sectoriais de I+D+i organizadas pola CRUE Universidades Españolas constitúen un espazo clave para o fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito universitario. Enmarcadas dentro das estratexias nacionais e institucionais de promoción da I+D+i, estas xornadas permiten fortalecer o papel das universidades como motores do coñecemento e do progreso social e económico. Nelas reúnen aos principais responsables da política científica e da xestión da investigación, transferencia e innovación nas universidades españolas. Este encontro



desenvólvese nun ambiente idóneo para o intercambio de experiencias e a definición de novas estratexias.

Este evento reflicte a aposta pola excelencia académica, técnica e investigadora, converténdose nun foro dinámico para o intercambio de ideas, o establecemento de redes de contacto e a promoción de proxectos pioneiros que contribúan ao avance da ciencia e da tecnoloxía. En definitiva, as Xornadas Sectoriais de I+D+i da CRUE non só reforzan o compromiso das universidades coa xeración e transferencia do coñecemento, senón que tamén se consolidan como un pilar fundamental dentro do ecosistema de innovación, contribuíndo activamente ao desenvolvemento científico, tecnolóxico e social do noso país.

En 2024, a cidade de Cuenca acolleu as XXX Xornadas Sectoriais de I+D+i da CRUE. Durante ese acto, a Universidade de Vigo presentou a súa candidatura para organizar a edición de 2025. Esta proposta foi aceptada, e xa comezaron os preparativos para acoller en Vigo as XXXI Xornadas da CRUE I+D+i Sectorial, consolidando así o compromiso desta universidade ao desenvolvemento da investigación, a innovación e a transferencia de coñecemento.

#### ***Avaliación do acoso por razón de sexo***

Dende a Comisión contra o acoso sexual e por razón de sexo vaise a elaborar o segundo informe sobre diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo.

#### ***Proxecto de Exposición sobre Isaac Díaz Pardo na sala de exposicións do edificio redeiras do Berbés***

O obxectivo desta exposición é facer unha homenaxe a vida e obra de Isaac Díaz Pardo dando conta das diversas iniciativas que Isaac puxo en marcha ao longo da súa vida, primeiro creando a fábrica de cerámicas do Castro en Sada (despois de abandonar a pintura e voltar de Madrid xunto con Carmen Arias de Castro) e despois xunto con Luís Seoane e outros intelectuais e amigos que lle axudaron a poñer en marcha a fábrica de porcelana de Magdalena (Arxentina) e as numerosas empresas e entidades que crearon para recuperar a memoria e impulsar numerosas edicións e iniciativas culturais, industriais e artísticas.

#### ***Apoio á mobilidade do persoal investigador***

Prestación de servizos de asistencia gratuíta ao persoal investigador, en materia de mobilidade, no marco de funcionamento do centro EURAXESS da Universidade de Vigo.



A UVigo adheriuse en xuño de 2024 á Rede EURAXESS, un espazo compartido que permite desenvolver, entre outras iniciativas, servizos de mobilidade e desenvolvemento profesional orientado ao persoal investigador.

A pertenza a esta rede supón o compromiso de prestar un conxunto de novos servizos tipificados por EURAXESS (o portal líder da comunidade investigadora en Europa) e abre un maior abano de posibilidades de mobilidade para o persoal investigador na Universidade de Vigo (visitas e realización de estadias, captación de talento investigador), polo que a Universidade debe dotarse dos medios e recursos para organizar, atender e desenvolver estas novas demandas.

En liñas xerais, a misión do Centro EURAXESS consiste en prover asistencia de balde ao persoal investigador e ás súas familias en materia de mobilidade e desenvolvemento profesional.

En particular, o centro está orientado a persoal investigador entrante e saínte, en calquera etapa do seu desenvolvemento profesional e categoría (investigadores, xestores e técnicos de investigación), como beneficiarios dunha estadia de investigación ou unha incorporación á UVigo.

Os servizos de apoio ao investigador en relación co desenvolvemento profesional está axeitadamente prestado polos servizos administrativos e académicos e estruturas do ámbito de investigación da UVigo, pero xurde a necesidade de prestar un novo tipo de servizo ao investigador e á súa familia nun ámbito máis persoal e específico que permita informar, asesorar, asistir e axudar persoalmente tanto ao investigador como a súa familia, e permita facilitarlles a súa instalación e gozar dunha experiencia de mobilidade de calidade, tal e como reflicte o compromiso coa Rede EURAXESS.

Este novo tipo de servizos, tipificados por EURAXESS, requiren de coñecementos e competencias específicas para poder prestalos, polo que se realizará o encargo a Fundación Universidade de Vigo que dispón dos medios necesarios.

### ***Configuración do sistema TIC da ZAP (Zed Attack Proxy)***

Elaboración da documentación de seguridade para a súa validación polo CCN e posta a punto dos dous equipos con dúas actuacións semestrais nas que o persoal actualizará o software dos dous dispositivos, valorará o seu cumprimento mediante unha ferramenta específica (CLARA) e actualizará a documentación asociada.

### ***Escavación Adro Vello (O Grove)***

A proposta de actividades para o ano 2025 inclúen dúas accións:



- Traballos arqueolóxicos

- Escavación da área 25. Traballos a realizar:

Localizada na zona oeste do xacemento, a área 25 é unha zona que quedou pendente de finalizar por falta de tempo na anterior campaña. Porén, rematouse aquí coa exhumación das numerosas sepulturas existentes sen poder acadar os niveis de area no que se asenta o xacemento. A escavación desta zona é prioritaria para a musealización do xacemento xa que é a zona de acceso ó resto de estruturas.

Ademais desta actuación concreta na área 25, todos os traballos de conservación terán acompañamento e control arqueolóxico.

- Traballos de conservación-restauración

- Tapado e recreación pavimentos da ábsida da igrexa.

Destapado e limpeza das estruturas de opus signinum e laterculi situadas na ábsida da igrexa.

Rexistro das estruturas (levantamento fotogramétrico e 3D) que nos permita ter un modelo fiable para poder realizar a recreación o máis mimética posible.

Novo tapado e cubrición de protección dos elementos orixinais do opus signinum e laterculi. Realización por parte dun oleiro de pezas novas de ladrillo de dimensións idénticas ás orixinais.

Colocación e adaptación (imitando o aspecto e degradación das pezas orixinais) destas novas pezas cerámicas sobre o tapado de protección das orixinais.

Recreación do pavimento de opus signinum sobre o tapado de protección.

- Destapado e restauración dos morteiros de revestimento dos pilos de salgadura.

Retirada recheos de protección

Rexistro e diagnose das estruturas

Tratamento de restauración: limpeza, fixación, consolidación.

- Recreación dos morteiros de revestimento dos pilos de salgadura.

Instalación dunha capa protectora sobre o material orixinal.

Recreación dun novo revestimento, seguindo a composición e morfoloxía do morteiro orixinal, aplicado sobre os restos orixinais previamente consolidados e protexidos.



- Limpeza e rexunte con morteiro de restauración do muro de contención de perpiaños (M19).

Limpeza de vexetación e retirada da terra das xuntas. Encintado das xuntas con morteiro de restauración.

Seguimento da evolución dos fisurómetros instalados no muro para controlar se existen movementos estruturais do muro que comprometan a súa estabilidade, requiríndose deste xeito dunha intervención intensa de recolocación dos perpiaños que solucione esta inestabilidade estrutural.

- Reposición do material de recheo pola fronte do muro de contención de perpiaños (M19).

Aportación de áridos para realizar o recheo do espazo que discorre inmediatamente por diante do M19 e M78. O obxectivo é subir o nivel de recheo para protexer as cimentacións de ambos muros.

- Protección das cimentacións térreas dos muros M21, M59 e M60.

Protección das cimentacións térreas ao aire dos muros da fase moderna cun morteiro de revestimento.

- Remontaxe dos muros e/ou tramos de muros desmontados durante os traballos de escavación arqueolóxica de 2023: M21, M60 e M61 .

Reposición dun recheo ou base sobre o que se montarán os tramos de muro desde a súa cota orixinal.

Remontaxe dos tramos de muro coas pedras numeradas e rexistradas que se desmontaron e gardaron durante os traballos de 2023.

Remontaxe que se fará colocando as pedras na súa posición e localización orixinal.

### ***UVIGO Motorsport***

Proxectos etanol e cambio de xeometría da suspensión:

Para a próxima tempada, haberá un cambio de combustible ao etanol, que é máis respectuoso co medio ambiente que a gasolina, e un cambio na xeometría da suspensión do noso coche para mellorar o rendemento.

Estes proxectos foron investigados ao longo desta tempada a través de dous TFG por membros do equipo e profesores da Universidade de Vigo.

Debido ás incompatibilidades coa gasolina, cambiar a un combustible máis ecolóxico supón cambiar todo o noso sistema de alimentación e inxección co mesmo



combustible. Ademais, dado que o etanol se consume a un ritmo máis rápido que a gasolina, é necesario un novo depósito de combustible de maior capacidade que o actual e modificacións no motor para aumentar a súa compresión.

En canto ao cambio da dinámica da suspensión, permitirá un mellor rendemento nas probas de competición debido á redución do diámetro da llanta que contribúe a reducir tanto o peso no coche como a que lles proporciona aos condutores unha dirección máis suave, facendo que o monopraza sexa máis áxil. do que é hoxe.

### ***Internacionalización***

Dende a Universidade de Vigo deséxase reafirmar o compromiso coa promoción internacional da nosa institución como unha ferramenta esencial para fortalecer o posicionamento global do sistema universitario galego. Neste sentido, considérase de vital importancia participar activamente nas principais feiras internacionais de captación de talento e eventos de networking organizados para as universidades españolas e europeas, onde se xeran sinerxías que permiten conectar con estudantes e profesionais de diversos contextos. A actual situación demográfica en Galicia e no resto do Estado, caracterizada pola caída no número de estudantes nacionais, fai indispensable abrirse a novos caladoiros internacionais para garantir a sustentabilidade e a calidade do noso ecosistema educativo. Este desafío é tamén unha oportunidade para reforzar a presenza en rexións estratéxicas, como o cono sur de América Latina, onde existen fortes lazos culturais, históricos e sociais coa comunidade galega. Un dos nosos obxectivos prioritarios, sen esquecer outros, é captar talento entre os descendentes de migrantes galegos que residen en países de América Latina, aproveitando a infraestrutura e os recursos que ofrece o programa BEME da Xunta de Galicia. Este programa permite non só atraer estudantes internacionais que manteñen un vínculo emocional e cultural coa nosa terra, senón tamén enriquecer o tecido académico e social das nosas aulas, fortalecendo o intercambio cultural e a diversidade. Participar nestes eventos internacionais é unha acción clave para promocionar a oferta educativa, tanto dentro como fóra do Espazo Europeo de Educación Superior. A asistencia a estas plataformas é unha oportunidade única para dar a coñecer os programas académicos da Universidade de Vigo e captar talento altamente cualificado, promovendo así a innovación, a internacionalización e o desenvolvemento económico e social de Galicia. Por estes motivos, solicítase o apoio financeiro da Xunta de Galicia para levar a cabo esta importante tarefa de representación e promoción, convencidos de que se trata dun investimento estratéxico para o futuro da universidade e do conxunto da comunidade educativa galega. A seguir, preséntanse as iniciativas para as que se solicita financiamento:



FEIRA/EVENTO	DESCRIPCIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
<b>Feira "Estudiar en España"- Chile, Argentina e Brasil (22 ao 26 de abril)</b>	Difusión da oferta académica da Universidade de Vigo nos principais países do cono sur sinalados, fomentando a captación de talento e reforzando os lazos con descendentes de galegos residentes.	Gastos de inscrición, montaxe, desprazamento, publicidade e outros.	18.000,00 €
<b>Feira e Conferencia "EAIE" en Gotemburgo, Suecia (9 ao 12 de setembro)</b>	Principal evento europeo de networking educativo, cun enfoque en innovación, dixitalización e colaboración interuniversitaria para proxectos conxuntos e dobres titulacións.	Gastos de inscrición, montaxe, desprazamento, publicidade e outros.	10.000,00 €
<b>Feira "Estudiar en España"- Costa Rica e Colombia (15 ao 21 de outubro)</b>	Promoción da internacionalización no espazo iberoamericano, con especial énfase en captar estudantes con raíces galegas para programas como o BEME.	Gastos de inscrición, montaxe, desprazamento, publicidade e outros.	12.000,00 €
<b>Conferencia FAUBAI – Brasilia (27 ao 30 de abril)</b>	Promoción da internacionalización no espazo iberoamericano, con especial énfase en captar estudantes con raíces galegas para programas como o BEME.	Gastos de inscrición, montaxe, desprazamento, publicidade e outros.	12.000,00 €
<b>Feira "Estudiar en España" – Marrocos (10 ao 14 de febreiro)</b>	Difusión da oferta educativa galega en Marrocos, aproveitando o interese crecente polos estudos superiores en España e reforzando lazos culturais e académicos.	Gastos de inscrición, montaxe, desprazamento, publicidade e outros.	9.000,00 €
<b>Conferencia "APAIE" e visitas a universidades en India (24 de marzo ao 5 de abril)</b>	Ampliación de horizontes cara ao mercado asiático, explorando colaboracións con institucións indias para intercambios e programas conxuntos.	Gastos de inscrición, montaxe, desprazamento, publicidade e outros.	15.000,00 €
<b>Outras feiras promocionadas polo SEPIE</b>	Participación en accións de promoción exterior organizadas por axencias de educacións superior doutros países nas que o SEPIE actúa como coordinador, co fin de contribuír a unha maior internacionalización das universidades españolas. Estas accións adoitan a forma de seminarios, conferencias, sesións speed-dating, etc. nas que se debaten temas relacionados coa educación superior e/ou se desenvolven actividades de networking. O SEPIE publica na súa web un calendario coas datas deste tipo de eventos que, para o último trimestre de 2025, prevense organizar en países de Iberoamérica, Asia, etc.	Gastos de inscrición, montaxe, desprazamento, publicidade e outros	10.000 €
<b>Plataformas dixitais para a atracción do talento internacional</b>	Contratación de Servizos dixitais para posicionar á Universidade de Vigo a nivel internacional e fai un seguimento individual das persoas interesadas nas nosas titulacións.	Gastos de subscrición	15.000 €
<b>TOTAL</b>			<b>101.0000 €</b>

### Documental "Otero Pedrayo"



Solicítase financiamento para o desenvolvemento dun documental sobre a figura de Otero Pedraio e o seu impacto na sociedade galega.

### ***Proxecto PEESO***

Programa de Exercicio Físico Recreativo Inmersivo para Escolares con Sobrepeso ou Obesidade (PEESO).

Este ensaio clínico pretende estudar o efecto dun programa de exercicio físico recreativo inmersivo executado durante os recreos académicos nunha poboación escolar diagnosticada de sobrepeso ou obesidade (Proxecto PEESO). A prevalencia da obesidade en todo o mundo aumentou considerablemente nos últimos anos. En 2022, 2.500 millóns de adultos de 18 ou máis anos tiñan sobrepeso, dos cales máis de 890 millóns eran obesos. Isto significa que o 43% dos adultos de 18 ou máis anos (43% dos homes e 44% das mulleres) tiña sobrepeso, un aumento con respecto a 1990, cando a porcentaxe de adultos de 18 ou máis anos que tiña sobrepeso era do 25%. (Murray et al., 2020; OMS, 2020). Se analizamos a realidade de Galicia e a franxa de idade obxecto de estudo, podemos indicar, segundo datos da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, que o 33,3% dos escolares de entre 7 e 15 anos presentan sobrepeso ou obesidade, sendo estes datos moi similares se analizamos as etapas educativas (Educación Primaria: 25,6% sobrepeso e 9,4% sobrepeso e Obesidade Obrigatoria: 9,4% e obesidade en Segundo. 6,4% obesidade).

### ***Organización MEGGAU Galega***

Por primeira vez a Universidade da Vigo é a encargada de organizar o evento de homenaxe ao estudantado con mellores expedientes de Galicia ABAU 2025 e aos seus centros educativos, en colaboración coas outras dúas universidades públicas galegas e a consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

### ***Auria Technologies (Campus Ourense)***

Auria Technologies é unha asociación dirixida por estudantes que traballa no desenvolvemento de software de conducción autónoma para competir no FSUK-AI 2025 no circuíto de Silverstone, unha das competicións de coches autónomos máis importantes.

Estamos traballando no desenvolvemento de software e hardware para competir nesta categoría Formula Student UK-AI, co obxectivo de impulsar a innovación tecnolóxica e a aprendizaxe práctica para os nosos membros. Este proxecto é clave



para a nosa formación académica e profesional.

## 6. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO NA CALIDADE DA DOCENCIA

Accións		2025	2026
Estratexia de apoio aos Másteres de excelencia	M. Tradución para a comunicación internacional	25.000,00	25.000,00
	M. Biotecnoloxía avanzada	12.500,00	12.500,00
	M. Matemática industrial	8.000,00	8.000,00
Innovación docente	Experiencia piloto centros docentes innovadores	20.000,00	20.000,00
	Servizo de virtualización de laboratorios	30.000,00	30.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>95.500</b>	<b>95.500</b>

### ***Estratexia de apoio aos másteres de excelencia***

Desde a Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente estase a impulsar accións de apoio aos másteres de excelencia para o desenvolvemento e a mellora da calidade dos mesmos e para manter os requisitos que deron lugar á obtención da mención de Máster Excelente da Xunta de Galicia.

### ***Innovación docente***

A Universidade de Vigo no ano 2022, coas axudas recibidas do convenio de I+D+i asinado coa Consellería, empezou a desenvolver un proxecto de virtualización de laboratorios para crear espazos para clases, conferencias, presentación de pósteres, exhibicións, etc. Estes espazos brindan un marco de experimentación para que estudantes e investigadores/as da Universidade de Vigo leven a cabo probas e proxectos relacionadas coas tecnoloxías do metaverso. Dito entorno albergará laboratorios virtuais que aporten un valor engadido, coa previsión de que poidan ser utilizados de maneira transversal por diferentes titulacións e centros que desenvolvan contidos semellantes. Debido a súa estrutura e valor económico hai laboratorios que non se poden duplicar en diferentes centros e a virtualización permitiría o seu uso independentemente do espazo físico que ocupen.

No ano 2023 integrouse un sistema de virtualización de laboratorios de uso de ferramentas de software (UNiverso) coa posta en funcionamento de demostradores con diferentes requirimentos de ancho de banda e latencia con sistemas de autenticación. O obxectivo é permitir o traballo remoto con software de uso académico en xeral dende terminais con prestacións limitadas. As primeiras aplicacións foron realizadas dentro da experiencia piloto de centros docentes innovadores como o Laboratorio de Creación de Contidos e Metaverso da Facultade



de Comunicación, Aula Virtual de Solidworks da Escola de Enxeñaría Industrial e unha torre de control remoto da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

O obxectivo e continuar co proxecto para desenvolver mecanismos reutilizables en diferentes escenarios docentes, de investigación e de promoción da comunidade universitaria, a identificación de escenarios de uso de intelixencia artificial xenerativa con fins docentes e a implementación dun sistema de captura, retransmisión, almacenamento e xestión de sesións de vídeo que se integran cos sistemas de metaverso e escritorio remoto da UVigo.

### TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UVIGO para impulsar as accións descritas neste convenio.

A UVIGO comprométese a desenvolver as accións descritas así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a reflectir o logotipo da Xunta de Galicia nun lugar destacado de tódolos bens, produtos, servizos, actos, documentación, materiais de difusión etc., tanto físicos como virtuais, financiados total ou parcialmente con cargo ao presente convenio. Informarase das actividades de promoción, comunicación e divulgación da I+D+i á Secretaría Xeral de Universidades e incluírse a debida publicidade da Xunta de Galicia. Ademais, no seu caso, e coa finalidade de aumentar a visibilidade e difusión destas actividades cando sexa procedente, cursarase convite a participar a representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O incumprimento do deber de adoptar estas medidas de difusión e publicidade será causa de reintegro do importe da actuación.

A universidade tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar



consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco do seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

A UVIGO comprométese a someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, a UVIGO comprométese a cumprir calquera outra obriga establecida no artigo 40 do Regulamento da *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, en relación co artigo 11 da citada Lei.

De conformidade co artigo 31.7 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No que se refire ao equipamento científico-técnico financiado totalmente ou parcialmente ao abeiro deste convenio, a UVIGO comprométese a:

- Compartir un mínimo de 10h/semana o equipamento científico-técnico deste convenio con outros centros CIGUS, colaborativos ou centros tecnolóxicos, sen coste e baixo petición.
- Posta a disposición dun técnico durante o período de compartición do equipamento para facilitar o uso deste.



- Facilitar ficha cos principais datos de compartición para a súa publicación na web habilitada para a súa compartición e autorizar a súa difusión.
- Facilitar datos de uso semestrais (propios e externos) durante un período de catro anos.

Así mesmo, a UVIGO comprométese a que o límite dos gastos de viaxe, aloxamento e mantención imputables a este convenio axústase aos importes establecidos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

#### CUARTA.- **Financiamento**

A dotación da Consellería para este convenio é de cinco millóns seiscentos mil douscentos sete euros con corenta e sete céntimos (5.600.207,47 €), con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

2025	2026	TOTAL
2.870.921,28 €	2.729.286,19 €	5.600.207,47 €

Esta cantidade de 5.600.207,47 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do



convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de congresos.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas, contratación e execución das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas ou no caso de que non se poidan adxudicar as obras establecidas neste convenio, poderanse incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio ou pequenas reformas, previa comunicación.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade



subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social poderase substituír por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

#### **QUINTA.- Xustificación e Fórmula de pagamento**

Con respecto á xustificación, a universidade achegará a seguinte documentación antes do 1 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Deberase entregar folla de cálculo e pdf asinado dos gastos e dos pagamentos con exacta correspondencia entre ambos os dous documentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (6), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias



bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.

- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.
- Certificado de que o límite dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención imputables a este convenio se axusta aos importes establecidos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

En relación á fórmula de pagamento, os pagamentos realizados no mes de decembro da anualidade 2025 poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte, ante a imposibilidade de presentalos na anualidade correspondente por estar rematado o período de xustificación. No caso da última anualidade 2026, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o prazo de xustificación dos pagamentos realizados no mes de decembro de 2026 deberá realizarse dentro da anualidade 2026.

Así mesmo, os pagamentos dos contratos de persoal correspondentes ás nóminas e á seguridade social dos meses de novembro e decembro da anualidade 2025 poderán presentarse como xustificante de gasto da anualidade 2026. Igualmente, no caso da última anualidade 2026, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o prazo de xustificación das nóminas de novembro e decembro deberá realizarse dentro da anualidade 2026.



De acordo co previsto no artigo 27.7 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, se concorren as seguintes circunstancias:

- 1.<sup>a</sup> Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- 2.<sup>a</sup> Que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nas bases reguladoras.

A tal efecto autorízase que:

- Os gastos relacionados coa acción 5. *apoio á mobilidade do persoal investigador*, poida realizarse a través da Fundación Universidade de Vigo (NIF G36826030), vinculada coa UVIGO.

#### **SEXTA.- Responsabilidade**

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

#### **SÉTIMA.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Vigo.



Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

#### **OITAVA.- Pagamentos a conta**

Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta, e de acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderá realizarse adicionalmente outro pagamento a conta anual. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Este pagamento adicional ao establecido na cláusula quinta deberá cumprir dúas condicións:

- Deberá presentarse a documentación xustificativa antes do 30 de setembro.
- De conformidade co disposto no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia: o importe conxunto dos pagamentos a conta que no seu caso se concederan non poderán ser superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Así mesmo, establécese que non poderá ser inferior ao 50% da porcentaxe subvencionada correspondente ao pagamento xustificado en cada anualidade.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Para proceder ao seu pagamento a UVIGO deberá enviar a documentación



xustificativa prevista na cláusula quinta.

A realización de pagamentos a conta está exenta da constitución de garantías por parte das universidades, de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 54 da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

#### **NOVENA.- Modificación do convenio**

Consonte co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **DÉCIMA.- Vixencia do convenio**

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2026.



## UNDÉCIMA.- Extinción do convenio

Non obstante ao establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederáse á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

## DUODÉCIMA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo)



corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrencia competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da Comisión Europea sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, do 28 de outubro de 2022), a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).



Non obstante a UVIGO deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

### DÉCIMO TERCEIRA.- **Publicidade e Transparencia**

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UVIGO consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a universidade no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na *Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións* e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de



xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*.

De acordo co estipulado no artigo 53 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

#### DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectarase cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais, e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas se someten ao acordado en todas as estipulacións.

#### DÉCIMO QUINTA.- Resolución de controversias



O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Manuel Joaquín Reigosa Roger  
Reitor da Universidade de Vigo (UVIGO)



**ANEXO I**
**CADRO-RESUMO CO CÓMPUTO GLOBAL DAS ACTUACIÓNS CON IMPACTO  
EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN**

Inclúese neste anexo un resumo das actuacións financiadas ao abeiro deste convenio que teñen un impacto directo nos centros de investigación, co obxectivo de poñer en valor a relevancia do apoio á actividade investigadora.

**Centros CIGUS**

centro	actuación	2025	2026
CIM	Xornada de portas abertas	11.000	11.000
	Centros CIGUS	30.000	30.000
	Apoio acción específicas de alto impacto: Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	90.000	346.310
	Apoio acción específicas de alto impacto: Co-financiamento programa predoc CIM-Ocean Frontiers Institute (Canadá)	30.000	120.000
	Obras singulares de apoio a investigación	98.000	
	<b>TOTAL CIM</b>	<b>259.000</b>	<b>507.310</b>
CINBIO	Xornada de portas abertas	11.000	11.000
	Centros CIGUS	30.000	30.000
	Apoio acción específicas de alto impacto: Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	50.000	50.000
	Cofinanciación infraestruturas convocatoria Ministerio: EQC2024- 008283-P		629.231,12
	Obras singulares de apoio a investigación	209.000	
	<b>TOTAL CINBIO</b>	<b>300.000</b>	<b>720.231,12</b>
AtlantTic	Xornada de portas abertas	11.000	11.000
	Centros CIGUS	64.000	30.000
	Apoio acción específicas de alto impacto: Adquisición, actualización e mellora novas infraestruturas	50.000	50.000
	Obras singulares de apoio a investigación	80.000	
	<b>TOTAL AtlantTic</b>	<b>205.000</b>	<b>91.000</b>



### Centros colaborativos

centro	actuación	2025	2026
CINTECX	Xornada de portas abertas	11.000	11.000
	Centros colaborativos	50.000	50.000
	Obras singulares de apoio a investigación	109.000	
	TOTAL CINTECX	<b>170.000</b>	<b>61.000</b>
ECOBAS	Xornada de portas abertas	11.000	11.000
	Centros colaborativos	50.000	50.000
	TOTAL ECOBAS	<b>61.000</b>	<b>61.000</b>

### Outros centros non acreditados

Centros/institutos non acreditados	2025	2026
Especialización Creatividade	15.000,00	15.000,00
Especialización Tecnoloxía	15.000,00	15.000,00
Instituto de agroecoloxía e alimentación	20.000,00	20.000,00
Instituto Lingua	10.000,00	10.000,00
Instituto de Xustiza e Xénero	10.000,00	10.000,00
Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais	20.000,00	20.000,00
Instituto do Deporte	10.000,00	10.000,00

